Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	62/105





Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financiera e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas,

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	63/105



rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concréntanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público - público).


A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	64/105







Décimo.- Con data 4.12.2021 o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, publica no BOE a Orde TED/1358/2021, do 1 de decembro, pola que establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento. Á, súa vez, con data 4.05.2022, publican no BOE o Extracto da Orde do 25 de marzo de 2022, pola que se convocan Subvencións para o financiamento de proxectos promovidos polas entidades locais para a innovación territorial e a reactivación da actividade socioeconómica e a loita contra o despoboamento durante o exercicio 2022.

De acordo coa Orde reguladora estas subvencións están destinadas ao financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial, que desde unha dimensión económica, social, ambiental e de xénero propicien a reactivación social e económica de zonas con problemas de despoboamento e revaloricen o espazo rural. Ás axudas destinaranse a financiar proxectos innovadores de carácter singular e demostrativo, que teñan como finalidade a loita contra o despoboamento, o desenvolvemento sustentable e a transición ecolóxica.


Undécimo.- O 15.06.2022 a Deputación presenta na sede electrónica do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a solicitude de subvencións para o financiamento de proxectos promovidos polas entidades locais para a innovación territorial e a reactivación da actividade socioeconómica e a loita contra o despoboamento durante o exercicio 2022.

O 13.12.2022 o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico comunica a resolución da convocatoria para a concesión de subvencións para a financiación de proxectos promovidos polas entidades locais para a innovación territorial e a reactivación económica e loita contra a despoboamento, durante o exercicio 2022.

Duodécimo.- Previo a presentación da solicitude, con data 13.06.2022, asinouse un acordo de traballo cooperativo para o desenvolvemento deste proxecto entre o Concello do Valadouro e a Deputación Provincial de Lugo.

Entre outras actuacións, na memoria presentada para o proxecto “Y para vivir Lugo” establécese o Concello do Valadouro coma un dos concellos pilotos elixidos para dentro das actuacións para o Desenvolvemento económico dos concellos, atendendo á súa fortaleza e aos polos económicos identificados, una inversión na Escola Ecolóxica do Concello do Valadouro para facilitar o envasado/ empaquetado co fin de dar pulo e proxección a todos os produtos da horta (tomate, leituga, cebola, cabaciña...) e promover unha cultura de empresa, reforzando que non só son produtores, son empresarios, e deben elevar o produto a través do empaquetado, con packaging

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	65/105



sostible e acertado como apunta clave para identificar e vender de forma rendible, ou crear novas liñas de presentación sen cingirse exclusivamente á venda directa atendendo ás correntes do consumo (ensaladas, minestras, salteados...).

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

#### Cláusulas.

##### Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello do Valadouro en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións de acondicionamento de aula para sala de envasado de produtos vexetais e acondicionamento dun faldón da cuberta da escola de agricultura ecolóxica do Valadouro, dentro do proxecto "Y para vivir Lugo" para a posta en marcha dun espazo de traballo piloto para os cidadáns da provincia de Lugo dentro da Escola de Agricultura Ecolóxica que sirva para fomentar o desenvolvemento económico nas actividades da produción do campo, na que se inclúe as actuacións que se detallan a continuación:

Actuacións	CUSTE TOTAL (IVE engadido)
Acondicionamento do Faldón da Cuberta	13.207,91 €
Acondicionamento da Sala de Envasado	4.942,08 €
Investimento para a equipación de sala de envasado	18.150,00 €
<b>CUSTE TOTAL</b>	<b>36.299,99 €</b>


No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións relacionadas se atopen executadas.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
32.535,00 €	3.764,99 €
36.299,99 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	66/105





Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello do Valadouro.

Terceira.- Fin común

Coa formalización do presente convenio pretendese desenvolver actuacións dentro do proxecto “Y para vivir Lugo” para a posta en marcha dun espazo de traballo piloto para os cidadáns da provincia de Lugo dentro da Escola Ecolóxica que sirva para fomentar o desenvolvemento económico nas actividade da produción do campo.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

4.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta ao límite de 32.535,00 €.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir proporcionalmente as achegas das partes.
3. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.
4. O prazo de execución e posta a disposición das actuacións obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 30 de setembro de 2024.
5. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

4.2. O Concello do Valadouro.


En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello do Valadouro comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido.

O Concello deberá aboar á Deputación a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido no prazo dun mes a contar dente a posta a disposición das actuacións obxecto do convenio.

2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	67/105



3. Achegar os proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da/ s actuación/ s obxecto do convenio, segundo proceda legalmente.
4. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
5. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa/ s actuación/ s obxecto deste convenio.
6. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
7. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
8. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
9. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
10. Obriga de manter para a mesma actividade dende a finalización da execución do proxecto durante un prazo de 5 anos, dacordo co establecido na Orde TED/1358/2021, do 1 de decembro, pola que establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento

Quinta.- Réxime económico.

A) Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 32.535,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2410.6500955 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.- Achega do Concello.

O Concello do Valadouro efectuará unha achega de 3.764,99 € e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

B) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será titularidade do Concello de Valadouro.

Sexta.- Vixencia do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efectos a partir da data da súa sinatura e manterá a súa vixencia, salvo prorrogación expresa antes da súa finalización, ata o pagamento da factura, na data límite do 31 de xaneiro de 2025, debendo estar aprobada a mesma a data límite do 31 de decembro de 2024.

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	68/105





**Sétima.- Modificación.**

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

**Oitava.- Extinción e efectos.**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución, efectuarase por resolución presidencial.

**Novena.- Comisión de seguimento.**

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituírse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.


Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	<b>Fecha y Hora</b>	11/06/2024 11:00:27
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	<b>Página</b>	69/105



- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
  - d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
  - e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
- Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

**Décimo.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.**

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

**Décimo primeira.- Protección de datos.**

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	<b>Fecha y Hora</b>	11/06/2024 11:00:27
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	<b>Página</b>	70/105





Décimo segunda.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométese a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación,

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	71/105



sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso - administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe.”

**2º.-** Que se aprrobe o gasto de 32.535,00 €, para financiar os gastos derivados das actuacións obxecto do convenio, con cargo á aplicación orzamentaria 2410.6500955 do vixente Orzamento da Excma. Deputación Provincial de Lugo para o ano 2024, para realizar as actuación de acondicionamento de aula para sala de envasado de produtos vexetais e acondicionamento dun faldón da cuberta da escola de agricultura ecolóxica do Valadouro, dentro do proxecto “Y para vivir Lugo” na anualidade 2024.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

*Segundo.- Aprobación, se procede, da addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para o “Arranxo do Forte de San Damián” (anualidades 2023 e 2024).*


Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Visto o convenio interadministrativo asinado entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes na “Arranxo do Forte de San Damián” anualidades 2023 e 2024, aprobado pola Xunta de Goberno o 28 de abril do 2023, e formalizado en documento administrativo no día 5 de maio de 2023.

Visto a solicitude de addenda ao convenio presentada polo Concello de Ribadeo, para poder imputar gastos da anualidade 2024 ao orzamento sobrance do 2023 e presentar a súa xustificación no prazo límite do 30 de xuño de 2024, con base na seguinte motivación: “Na anualidade 2023 realizouse un gasto de 59.201,63 euros, que resulta inferior ao previsto inicialmente de 60.000,00 euros. Porén, o gasto total do proxecto ascende a 149.995,85 euros.”

Visto o informe favorable do Servizo de Cultura á modificación da cláusula cuarta contemplada no referido convenio interadministrativo de cooperación, por considerar que o convenio está vixente e que establece o procedemento para a súa realización.

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	72/105







Visto o informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, favorable ao texto da addenda e a conformidade do Servizo de Intervención.

A deputada que subscribe, propón, se procede, que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar a Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes no “Arranxo do Forte de San Damián” anualidades 2023 e 2024, achegada á presente proposta, polo que se modifica a cláusula cuarta do convenio, do seguinte teor:

*“Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Arranxo do Forte de San Damián”, nas anualidades 2023 e 2024.*

*Reunidos.*

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con CIF P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos, núm. 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local e, no seu nome, dona Iria Castro Fernández, deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística en virtude de Resolución de data 14 de xullo de 2023.


E doutra, don Daniel Vega Pérez con N.I.F. \*\*\*4795\*\*, alcalde do Concello de Ribadeo, con C.I.F. P-2705100B e sede en Praza de España nº 1, CP 27700 Ribadeo, na provincia de Lugo, que actúa en nome e representación desta entidade, de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

*Expoñen.*

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	73/105



Primeiro.- Con data 5 de maio de 2023 asinouse un convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes no “Arranxo do Forte de San Damián”, na anualidades 2023 e 2024.

Segundo.- Con data 20 de maio de 2024 o Concello de Ribadeo rexistra unha solicitude de addenda ao convenio para poder imputar gastos da anualidade 2024 ao orzamento sobrante do 2023 e presentar a súa xustificación no prazo límite do 30 de xuño de 2024, con base na seguinte motivación: “Na anualidade 2023 realizouse un gasto de 59.201,63 euros, que resulta inferior ao previsto inicialmente de 60.000,00 euros. Porén, o gasto total do proxecto ascende a 149.995,85 euros”.

Terceiro.- O citado convenio contempla, por unha banda, na cláusula sexta, a posibilidade da modificación do convenio, co seguinte tenor:

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio estea vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

A maiores, na cláusula quinta, refírese á duración do convenio interadministrativo, co seguinte teor:

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación das contas xustificativas e os seus pagamentos, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, debendo estar aprobada a conta xustificativa da anualidade 2023 na data límite do 31 de decembro de 2024 e pagada o 31 de xaneiro de 2025, e a conta xustificativa da anualidade 2024, aprobada na data límite do 31 de decembro de 2025 e pagada o 31 de xaneiro 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”

De conformidade con estes antecedentes, as partes acordan modificar o convenio de colaboración de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes:

#### Cláusulas.

Primeira. A Cláusula Cuarta, no seu apartado C), modifícase do seguinte modo:

“Cuarta.- Réxime económico.

(...) C) Xustificación da achega económica.

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	74/105





Os prazos inicialmente previstos para que o concello de Ribadeo aporte as contas xustificativas dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarcan inicialmente ata o 31 de marzo de 2024 para a anualidade 2023, e o 31 de marzo de 2025 para a anualidade 2024.

Non obstante, no suposto de realizarse un gasto inferior ao previsto para a anualidade 2023, o concello de Ribadeo poderá imputar gastos da anualidade do 2024 ao orzamento sobrance da anualidade do 2023 sempre que presente a xustificación antes do 30 de xuño de 2024.

Estes prazos de xustificación poden ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo. As contas xustificativas a aportar deben ter o seguinte contido:(...)”

Segunda.- As partes acordan a incorporación desta addenda ao texto do convenio interadministrativo de referencia, rexéndose aquela polas condicións estipuladas neste e formando parte integrante do mesmo.

O resto das cláusulas do convenio quedan inalteradas.

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 3 páxinas numeradas, na data da sinatura dixital, do que como secretario dou fe.”

2ª.- As demais cláusulas do convenio de colaboración, subscrito con data 5 de maio de 2023, en tanto non queden afectadas por esta addenda, permanecerán invariables.”


A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **11.- PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DE EXECUCIÓN DA PRÓRROGA CONTIDA NO ACORDO DE CESIÓN GRATUÍTA DO USO PRIVATIVO DUN INMOBLE PROVINCIAL A FAVOR DA ASOCIACIÓN RAIOLAS LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Con data do 9.04.2024 con rexistro de entrada nº 2024RPE006353 a Asociación Raiolas Lugo presenta escrito no que entre outros expresa que para participar en procedementos de concorrencia a convocatoria de axudas para investimentos é requisito importante o período mínimo de destino da actuación subvencionada polo que solicita executar anticipadamente a prórroga da cesión de uso sobre o inmovible provincial denominado Guardería e situada no Campus Universitario de Lugo ata o vencemento da dita cesión o 08.09.2034.

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	75/105



Tendo en conta que o Pleno Provincial na sesión celebrada o día 29.07.2014 acordou a cesión gratuíta dun inmovible provincial a favor da Asociación Raiolas para o desenvolvemento de fins e actividades a favor das persoas que sofren trastornos xeneralizados do desenvolvemento e en particular como centro de día do inmovible denominado Guardería situado no Campus universitario de Lugo por un prazo de 20 anos.

Tendo en conta que o Acordo reitor da dita cesión de uso asinado o 8.09.2014 entre esta Deputación de Lugo e a Asociación Raiolas contén entre as súas cláusulas a estipulación relativa ao prazo de cesión co seguinte teor:

Quinta.- Prazo da cesión.

A cesión de uso de locais, instalacións e/ ou equipamentos, o será por un período de tempo de quince anos (15) mais cinco anos (5) de prórroga, a partir da data de sinatura do presente Acordo.

Tendo en conta que o presente expediente recae sobre o contido dun contrato privado xestionado baixo a liberdade de pactos expresada no artigo 111 da LPAP e que a solicitude da entidade cesionaria a Asociación Raiolas Lugo respecta o clausulado do Acordo asinado con esta Deputación de Lugo e cuxo contido non excede do prazo de duración da cesión de vinte anos, incluídas as prórrogas, sinalado no artigo 133.3 da Lei 6/2023 do 2 de novembro do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo 106.3 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

Tendo en conta que a dita solicitude non altera as características do acordo de cesión que permanecen inalterables durante toda a súa vixencia dende o 08.09.2014 ata a súa finalización 08.09.2034.

Tendo en conta que a dita anticipación na execución da prórroga non implica ningún compromiso de gasto.

Visto o informe da Secretaría e da Sección de Patrimonio emitido o día 03.05.2024 baixo o CSV IV7X4OZDPABSQS54SPVHEJXW6I que conclúe que Tendo en conta a vontade e conformidade das partes intervinentes e o contido do acordo reitor da cesión de uso, estímase que o presente expediente conducente a executar a prórroga da cesión de uso sobre o inmovible provincial denominado Guardería e situada no Campus Universitario de Lugo a favor da Asociación Raiolas Lugo ata o 8.09.2034 adecúase á lexislación vixente e a seu acordo reitor a súa proposta, no seu caso, poderá elevarse

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	76/105





para adoptar o correspondente acordo da Xunta de Goberno (Artigo 59.12 do Regulamento Orgánico).

Visto que o informe de Intervención asinado o 30.05.2024 baixo o CSV IV7X2TPNHNJJYS5DYZYBMEC7IU expresa que o o suposto que motiva a remisión do expediente 2024/PES\_03/006977 non se atopa dentro do seu ámbito competencial polo que no procede emisión de informe pola Intervención sobre a cesión gratuíta do uso privativo dun inmovble provincial a favor da Asociación Raiolas Lugo.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno:

Aprobar e acordar a prórroga contida no Acordo reitor da cesión gratuíta do uso privativo do inmovble provincial denominado Guardería situada no Campus Universitario de Lugo a favor da Asociación Raiolas Lugo ata o seu vencemento o día 08.09.2034.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA LISTAXE DE BENEFICIARIOS DA BASES PARA O FOMENTO DO ALUGUEIRO E A CREACIÓN DUNHA BOLSA DISPOÑIBLE DE VIVENDAS NO RURAL NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “Y PARA VIVIR LUGO”.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

2026	25.608,57€	3.841,29€	2.048,69€	14.852,77€	46.351,32€
Total	128.042,89€	19.206,43€	10.243,43€	74.263,86€	231.756,61€

Detectado erro aritmético na resolución na suma dos totais nas categorías 2 e 3 e polo tanto no total, esta sufriría unha variación de 2 céntimos quedando os importes tal e como se recollen na seguinte táboa:

Anualidades	Categoría 1 (Gastos de persoal)	Categoría 2 (Gastos indirectos)	Categoría 3 (Gastos de viaxe)	Categoría 4 (Gastos de servizo)	Total
2024	38.412,87€	5.761,93€	3.073,03€	22.279,16€	69.526,99€
2025	64.021,45€	9.603,22€	5.121,72€	37.131,93€	115.878,32€
2026	25.608,57€	3.841,29€	2.048,69€	14.852,77€	46.351,32€
Total	128.042,89€	19.206,44€	10.243,44€	74.263,86€	231.756,63€

Polo anteriormente exposto e á vista dos informes emitidos polos respectivos Servizos desta Entidade, propónse á Xunta de Goberno que se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a aceptación da decisión de aprobación do Comité de Gestión del POCTEP como beneficiario da axuda para "Impulso del Ecosistema de Economía

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	91/105



Social en el sector agroalimentario “Agrosocial” dentro da convocatoria Interreg VIN A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027.

**2º.-** Aprobar o orzamento total da actuación ascende a 231.756,63€ desagregado da seguinte forma:

Aportación Feder (75%)	Aportación Deputación de Lugo (25%)	Orzamento Total
173.817,46€	57.939,17€	231.756,63€

**3º.-** A Deputación de Lugo, asume o compromiso de cofinanciar con fondos propios a parte non subvencionada pola aportación Feder, para o proxecto “Impulso del Ecosistema de Economía Social en el sector agroalimentario “Agrosocial” dentro da convocatoria Interreg VIN A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027, que será o 25% do custo do orzamento subvencionable e que como máximo ascenderá a 57.939,17€ a executar en tres anualidades segundo o indicado na resolución, sendo a data de inicio o 1 de xaneiro de 2024 ata 30 de xuño de 2026.

O gasto financiarase con cargo as anualidades 2024, 2025 e 2026, segundo se indica no cadro. Para a anualidade 2024 existe crédito dispoñible, na aplicación 2410.22699, no orzamento aprobado de forma definitiva no Pleno o día 26 de decembro de 2023; para as anualidades 2025 e 2026 a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos de 2025 e 2026 a cantidades indicadas na aplicación sinalada.

Anualidades	Categoría 1 (Gastos de persoal)	Categoría 2 (Gastos indirectos)	Categoría (Gastos de viaxe)	Categoría 4 (Gastos de servizo)	Total
2024	38.412,87 €	5.761,93 €	3.073,03 €	22.279,16 €	69.526,99€
2025	64.021,45 €	9.603,22 €	5.121,72 €	37.131,93€	115.878,32€
2026	25.608,57 €	3.841,29 €	2.048,69 €	14.852,77 €	46.351,32€
Total	128.042,89 €	19.206,44 €	10.243,44 €	74.263,86 €	231.756,63€

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ENCARGO A MEDIO PROPIO PARA SERVICIO DE INVENTARIO DE BENS, VALORIZACIÓN E RETIRADA DE RESIDUOS DA NAVE DE BEGONTE.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	92/105





“A Deputación Provincial de Lugo ten, a efectos da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de Contratos do Sector Publico (LCSP en diante), a consideración de poder adxudicador, podendo segundo a potestade de auto organización, prevista no artigo 31 da citada LCSP, executar directamente prestacións propias dos contratos a través de entes que ostenten a condición de medio propio personificado segundo o estipulado no artigo 32 da LCSP.

A Disposición Adicional 24ª da LCSP, establece que a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. (TRAGSA, en diante) e a súa filial TRAGSATEC son medios propios personificados e servizos técnicos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas, das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, dos Cabidos e Consellos Insulares, das Deputacións Forais do País Vasco, das Deputacións Provinciais, e estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que estes lles encomenden nas materias sinaladas nos apartados 4 e 5 desa Disposición Adicional 24ª da LCSP.

Notar que TRAGSA, é medio propio da Deputación de Lugo, dende a formalización o 17.12.2019 da compra dunha acción da citada entidade.


As relación de TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, con poderes adxudicadores dos que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, teñen natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos previstos no artigo 32 da LCSP, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno , dependente e subordinado.

No punto 4 da citada Disposición Adicional 24ª da LCSP sinálase que as sociedades do Grupo TRAGSA, prestarán, entre outras, as funcións de realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, a condición de que non impliquen o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos e a realización de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos agrícolas, gandeiros, forestais, de desenvolvemento rural, de conservación e protección do medio natural e ambiental, de acuicultura e de pesca, así como os levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos (...).

En consecuencia, dende o Servizo de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Lugo considérase imprescindible encomendar a TRAGSA a realización dos servizos que se relacionan e describen no memoria adxunta a esta proposta de Acordo.

En relación ao gasto que suporán este encargo establecer que importe total do encargo a TRAGSA ascende a 31.314,61 €, con cargo á aplicación orzamentaria 9200.22799 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo.

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	93/105



Visto que no expediente de referencia consta a seguinte documentación:

Orzamento do encargo a TRAGSA para a execución dos traballos de servizo de inventario de bens, valorización e retirada de residuos en nave e parcela da Deputación Provincial de Lugo no termo municipal de Begonte.

Certificado emitido por TRAGSA relativo á suficiencia e estrutura e medios suficientes para realizar o encargo e que o importe das prestacións parciais que o medio propio pode contratar con terceiros no excederá do 50% da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para o encargo presente dun 20%.

Certificado de consignación orzamentaria emitido pola Intervención da Deputación de Lugo.

Memoria técnica que rexerá o encargo da execución dos traballos de servizo de inventario de bens, valorización e retirada de residuos en nave e parcela da Deputación Provincial de Lugo no termo municipal de Begonte a TRAGSA, elaborada polo Servizo de Medio Ambiente.

Esta proposta de gasto financiarase con cargo a anualidade 2024, figurado crédito dispoñible suficiente no orzamento deste ano na aplicación orzamentaria sinalada.

Por todo o exposto anteriormente e analizando a documentación técnica elaborada polo Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Lugo, propónse, á Xunta de Goberno adopte os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o encargo da execución dos traballos de servizo de inventario de bens, valorización e retirada de residuos en nave e parcela da Deputación Provincial de Lugo no termo municipal de Begonte, que terá un prazo de execución de 4 meses.


**2º.-** Aprobar o gasto do Encargo por importe de trinta e un mil trescentos catorce euros con sesenta e un céntimos (31.314,61€)

**3º.-** Ordenar a execución dos traballos ao medio propio TRAGSA de acordo coas especificacións da memoria que se xunta ao expediente coa presente proposta.

**4º.-** Nomear como responsable do encargo para a súa supervisión, control administrativo e seguimento dos traballos encomendados por parte da Deputación de Lugo, ao Xefe de Servizo de Medio Ambiente, Luis J. Fernández Reija.

**5º.-** O presente encargo poderá modificarse de maneira executiva pola Deputación de Lugo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, nos termos

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	94/105





legalmente previstos e sen prexuízo do resarcimento a TRAGSA dos compromisos que puidese adquirir para a súa correcta execución, tal e como esta ba definida con anterioridade a súa modificación.

6º.- O presente encargo poderá finalizar anticipadamente por razóns de interese público mediante resolución da Deputación de Lugo, se prexuízo da continuidade daquela actuación que se topase en execución no momento da resolución, e da súa liquidación.

7º.- As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución desta prórroga serán resoltas de forma executiva pola Deputación de Lugo.

8º.- O encargo dos traballos definidos a TRAGSA non implicará a delegación ou renuncia de competencia algunha propia da Deputación de Lugo.

9º.- O encargo da actividade de Execución dos traballos de servizo de inventario de bens, valorización e retirada de residuos en nave e parcela da Deputación Provincial de Lugo no termo municipal de Begonte a TRAGSA implicará que, no caso de producírense imprevistos que supoñan a necesidade de suspender temporalmente o encargo, ou de levar a cabo unha reformulación do mesmo que supoña unha redución

no orzamento destinado inicialmente ao servizo, a deputación no terá que indemnizar a TRAGSA.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO INICIO DO PROCEDIMENTO DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA OUTORGADA POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á ASOCIACIÓN CULTURAL, AGRARIA E AMBIENTAL MUÍÑO DE BARXA PARA COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “OBRADOIROS ARREDOR DAS PLANTAS AROMÁTICAS E HERBAS MEDICINAIS AUTÓCTONAS DA RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO”, NA ANUALIDADE 2023.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	95/105



“Visto o informe do Servizo de Medio Ambiente no que literalmente establece o seguinte:

“*Antecedentes.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 3 de marzo de 2023, acordou a aprobación das bases da convocatoria, en réxime de concorrència competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2023.

Segundo.- O 21 de xullo de 2023 acordouse pola Xunta de Goberno provincial o outorgamento dunha subvención en réxime de concorrència competitiva, por importe de 3.990,00 €, a favor da entidade Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño De Barxa para sufragar gastos derivados da actuación “Obradoiros arredor das plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da reserva da biosfera Terras do Miño”, no ano 2023.

Terceiro.- Na base 12 “Prazos de Xustificación” das referidas bases establece que: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.


A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2024.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada. O Centro Xestor requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción do requirimentos sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención, previo trámite do correspondente expediente.”

Cuarto.- Rematado o prazo establecido para a presentación da conta xustificativa, con data 25 de abril de 2024 e número R.S. 2024RPS006365 requiriuse á Entidade, dándolle un prazo de quince días, para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos.

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	96/105







Sexto.- O día 6 de maio de 2024 xerouse o acuse automático de rexeitamento da documentación, ao non acceder o interesado ao contido da notificación no prazo establecido, e polo tanto rematando o prazo de presentación da documentación xustificativa o día 28/05/2024.

Sétimo.- Non consta a día de hoxe e dentro do prazo de emenda, ningún outro rexistro coa documentación solicitada no requirimento.

*Fundamentos xurídicos.*

Primeiro.- De acordo co artigo 73 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común recollese expresamente que:

“1. Os trámites que deban ser cumprimentados polos interesados deberán realizarse no prazo de dez días a partir do seguinte ao da notificación do correspondente acto, salvo no caso de que na norma correspondente se fixe prazo distinto.(...)”

3. Aos interesados que non cumpran o disposto nos apartados anteriores, se lles poderá declarar decaídos no seu dereito ao trámite correspondente. Non obstante, se admitirá a actuación do interesado e producirá os seus efectos legais, si se producira antes ou dentro do día no que se notifique a resolución na que se teña por transcrido o prazo.”

Segundo.- De acordo co artigo 89 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS):

“1. Se producirá a perda do dereito ao cobro total o parcial da subvención no suposto de falta de xustificación o de concorrencia dalgunhas das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.


2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobro da subvención será o establecido no artigo 42 da Lei Xeral de Subvencións”

Terceiro.- A causa prevista no artigo 37.1.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) é a seguinte:

“Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos términos establecidos no artigo 30 de esta Lei, e no seu caso, nas normas reguladoras da subvención”.

Cuarto.- O órgano competente para iniciar o procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención é o a Xunta de Goberno, xa que foi o órgano concedente da subvención (artigo 41 da LXS).

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	97/105



*Consideracións técnicas.*

Primeira.- Que con data 25 de abril de 2024 e número R.S. 2023RPS006365 requiriuse á entidade xa que rematou o prazo establecido da xustificación sen que a conta xustificativa fose presentada

Segunda.- Dende o servizo de Medio Ambiente, logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada, considérase que a Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa non cumpriu os requisitos establecidos na base 12 “Prazos de Xustificación” das bases da convocatoria e que polo tanto procede a perda do dereito ao cobro total da subvención.


*Conclusións.*

Tendo en conta todo o anteriormente exposto, propónse ao Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente que propoña á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordar:

Declarar decaída á representante da Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa, no seu dereito ao trámite de emenda de documentación xustificativa dos gastos enmarcados dentro das bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2023, reguladoras da subvención en réxime de concorrencia competitiva outorgada á Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa para sufragar gastos derivados da actuación “Obradoiros arredor das plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da Reserva da Biosfera Terras do Miño”, no ano 2023 de acordo co artigo 73.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Acordar o inicio do Procedemento de Perda de Dereito de Cobro da subvención en réxime de concorrencia competitiva outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obradoiros arredor das plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da Reserva da Biosfera Terras do Miño”, na anualidade 2023, por xustificación insuficiente en base ao establecido no

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	98/105





artigo 89 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións aprobado polo Relá Decreto 887/2003, de 21 de xullo e no artigo 37.1.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Comunicar á representante da entidade Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa que dispón de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución de inicio de procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención en réxime de concorrencia competitiva outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obradoiros arredor das plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da Reserva da Biosfera Terras do Miño”, na anualidade 2023 para que alegue ou presente os documentos que estime pertinentes. (en base ao establecido no artigo 94.2 do RLXS)”


Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Declarar decaída á representante da Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa, no seu dereito ao trámite de emenda de documentación xustificativa

dos gastos enmarcados dentro das bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2023, reguladoras da subvención en réxime de concorrencia competitiva outorgada á Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa para sufragar gastos derivados da actuación “Obradoiros arredor das plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da Reserva da Biosfera Terras do Miño”, no ano 2023 de acordo co artigo 73.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**2º.-** Acordar o inicio do Procedemento de Perda de Dereito de Cobro da subvención en réxime de concorrencia competitiva outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obradoiros arredor das plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da Reserva da Biosfera Terras do Miño”, na anualidade 2023, por incumprimento da obriga de xustificación en base ao establecido no artigo 89 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro,

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	99/105



Xeral de Subvencións aprobado polo Relá Decreto 887/2003, de 21 de xullo e no artigo 37.1.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**3º.-** Comunicar á representante da entidade Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa que dispón de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución de inicio de procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención en réxime de concorrencia competitiva outorgada pola Excmá. Deputación Provincial de Lugo á Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obradoiros arredor das plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da Reserva da Biosfera Terras do Miño”, na anualidade 2023, para que alegue ou presente os documentos que estime pertinentes. (en base ao establecido no artigo 94.2 do RLXS.)”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


**17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2023/014, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 12 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularsen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/014, correspondente ao MVMC Faro de Requeixo as obras de “Acondicionamento e mellora da accesibilidade á zona da ermita do Faro do Río”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.743,19 €.

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	100/105





Terceiro.- O MVMC Faro de Requeixo, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 12 de decembro de 2023.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa (a parte efectiva da actuación é de un 72,93% da subvención concedida), emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 12 de decembro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor do MVMC Faro de Requeixo (Chantada), tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/014, destinada ás obras de “Acondicionamento e mellora da accesibilidade á zona da ermita do Faro do Río” por un importe de 4.188,78 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


**18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2023/015, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 12 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularan alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	101/105



proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/015, correspondente ao MVMC de Goyan as obras de “Mellora do firme de camiños nos núcleos de Goián, Vilalence e Cabezares”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.700,00 €.

Terceiro.- O MVMC de Goyan, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 12 de decembro de 2023.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 12 de decembro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor do MVMC de Goyan (Sarria), tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/015, destinada ás obras de “Mellora do firme de camiños nos núcleos de Goián, Vilalence e Cabezares” por un importe de 5.700,00 €, así como o aboamento da mesma.”


A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **19.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DO EXPEDIENTE SUBDOT-2023/066 DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS, PARA O ANO 2023.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 12 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	102/105





Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/066, correspondente á Comunidade de veciños de Teixo, Lagua e Castiñeiro as obras de “Formigonado Camiño Castiñeiro Vilabella”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- don José Horacio Rio Lago, con nº NIF \*\*\*1532\*\*, en representación do Comunidade de veciños de Teixo, Lagua e Castiñeiro (Triacastela), presenta escrito con data de rexistro de entrada 31 de maio de 2024, solicitando a renuncia á subvención SUBDOT-2023/066.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

Acceder á petición formulada por don José Horacio Rio Lago, con nº NIF \*\*\*1532\*\*, en representación da Comunidade de veciños de Teixo, Lagua e Castiñeiro (Triacastela), e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 12 de decembro de 2023, tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/066, para a Dotación e mellora de servizos comunitarios. Ano 2023, por importe de 6.000,00 €”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


**20.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DO EXPEDIENTE SUBDOT-2023/083 DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS, PARA O ANO 2023.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 12 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	103/105



proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/083, correspondente a CMVMC “Pico do Moroto” as obras de “Actuacións na parroquia de Canedo”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- don José Manuel Rodríguez González con nº NIF \*\*\*5242\*\*, en representación da CMVMC “Pico do Moroto” (A Pobra do Brollón), presenta escrito con data de rexistro de entrada 22 de abril de 2024, solicitando a renuncia á subvención SUBDOT-2023/083.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Acceder á petición formulada por José Manuel Rodríguez González con nº NIF \*\*\*5242\*\*, en representación da CMVMC “Pico do Moroto” (A Pobra do Brollón), e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 12 de decembro de 2023, tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/083, para a Dotación e mellora de servizos comunitarios. Ano 2023, por importe de 6.000,00 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


**21.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, NA ANUALIDADE 2023.**

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 13 de decembro de 2023, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 289 do 19 de decembro de 2023, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades culturais; e vistas as renuncias presentadas polos beneficiarios que se indican a continuación, así como o informe do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aceptar as renuncias presentadas polos beneficiarios que a continuación se relacionan polos importes que así mesmo se indican:

NOME ENTIDADE	SUBVENCIÓN
---------------	------------

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	Fecha y Hora	11/06/2024 11:00:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	Página	104/105







Asociación Cultural Tanque de zinc	1.173,00
Asociación Cultural e Deportiva Irmandade de Santo Estevo	570,00
Asociación Cultural para a recreación histórica <i>Caetra Lucensium</i>	1.047,00

**22.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

**23.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**

	IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA	<b>Fecha y Hora</b>	11/06/2024 11:00:27
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XEQAY3TX6SXU64LQN4EXRIA</a>	<b>Página</b>	105/105

